

Encontro nacional de formación

Compostela
13 de maio de 2012

necesidade
e sentido
da militancia
revolucionaria
[documento base]



isca!

O obxectivo destas liñas é darmos a coñecer o que é Isca, as súas definicións ideolóxicas e os obxectivos políticos polos que loita no seo do movemento nacional-popular.

Isca é unha organización política xuvenil independentista e anticapitalista, que traballa por organizar mozas e mozos en chave revolucionaria co fin de conquistar a liberación nacional de Galiza e construír o socialismo, unha sociedade en que non exista ningún tipo de explotación nin opresión, e na que o pobo sexa realmente dono do seu destino.

Consideramos que a mocidade galega, ademais da problemática específica que como mocidade ten, pertence a unha nación oprimida e ocupada (Galiza) e somos así mesmo parte dos sectores populares que, encabezados pola clase obreira galega, están chamados a cambiar a actual sociedade até suprimir toda opresión. O fundamental, pois, deste documento é dar pé a que xurdan as preguntas e debate para clarificar conceptos e chegar a comprender o que en realidade é Isca! e que implica militar na organización.

O nome da nosa organización, referido a un material facilmente inflamábel, non é casual. Aspiramos a prender a chama revolucionaria entre a mocidade, a ser combustíbel que potencie unha mudanza radical do sistema en que vivimos. Aspiramos pois a aglutinar os sectores revolucionarios, socialistas e independentistas que traballan no movemento xuvenil.

Isca funciona tamén como escola de cadros, co obxectivo de formar, tanto teoricamente como na práctica diaria das loitas sociais, militantes revolucionarios que estean en condicións de dirixir o proceso de liberación nacional e social.

Nesta primeira parte do manual de formación, comezaremos por explicar o significado e implicacións que ten para nós a militancia revolucionaria, concretamente a nivel xuvenil, e como entendemos en Isca determinados conceptos ligados ao noso funcionamento interno e modelo organizativo, como a democracia interna, o traballo colectivo ou a disciplina.

[este documento foi elaborado tomando como base extractos dun manual de formación política da organización xuvenil vasca Jarrai, e máis de “O Partido com paredes de vidro”, de Álvaro Cunhal]

A necesidade e o sentido da militancia revolucionaria.

Hai un concepto que todo futuro militante de Isca debe ter claro e é o concepto de militancia. Que é un militante revolucionario galego, que espera a organización de cada un dos seus militantes. Algo importante, de comezo, é que Isca non ten afiliados, Isca só ten militantes.

Entrar a formar parte de Isca, ou a calquera das organizacións do movemento nacional-popular cos seus diferentes niveis de compromiso, supón posuír unha conciencia política sobre os problemas que posúe o noso pobo, a súa clase obreira e os sectores populares mais tamén sobre a problemática específica dos campos que aborda cada organización. Supón tamén dar unha saída global e revolucionaria a toda esa problemática e desenvolver unha loita organizada e con obxectivos claros.

Un militante, un militante de Isca, debe posuír unha visión política global sobre a problemática do noso pobo e debe ter como campo de intervención o movemento xuvenil galego. Un militante de Isca debe traballar colectivamente no seo da súa organización, non de maneira individual. Debe debater os problemas que se presentan nos órganos da organización nos que actúe, na súa zona ou sector. Unha vez tomada unha decisión en Isca e debe levala á práctica dunha maneira disciplinada e efectiva.

Un militante de Isca debe estar disposto a sacrificarse persoalmente se chegase o momento, no transcurso da loita e desenvolvemento dunha actividade política que lle pode minguar, quizais en certa forma, a súa vida persoal en beneficio da loita colectiva.

Un militante de Isca debe traballar na mocidade galega sen sectarismo, é dicir, valorando os distintos niveis de conciencia que ten a mocidade e saber acolarse a eles sen caer en posturas puristas e defendendo sempre as directrices da súa organización e do noso espazo político.

Debe aportar así mesmo no reforzamento do Bloque Nacionalista Galego (BNG) como un instrumento unitario fundamental nestes momentos para conseguir a liberdade do noso pobo. Polo tanto o militante de Isca, ten un triple campo de intervención:

- como militante de Isca.
- como membro do BNG na súa localidade.
- como parte do movemento xuvenil, dalgún movemento social ou organización de masas: estudantil, sindical, local social, asociación cultural, ecoloxista, asembleas de mozos e mozas, etc. Ou, pola contra, desenvolverá estes últimos labores dedicados exclusivamente á mocidade desde a mesma Isca directamente.

Un militante de Isca deberá estar profundamente vinculado á vida da súa organización tanto interna como externamente. Deberá acudir a todas as reunións da súa zona ou sector, dando razóns no caso contrario ao seu responsábel. Deberá abonar a cota que se estableza, distribuír a propaganda que reciba e, en xeral, cumprir os Estatutos, que son a normativa interna da organización. Deberá cumprir coas tarefas que lle encomende a organización, dando conta da súa realización no organismo correspondente.

Un aspecto importante é o aumento da formación da militancia, o que se consegue por medio do debate nas asembleas de forma colectiva dos órganos internos, material de formación, realización de cursiños, etc. Así como polo desenvolvemento da crítica construtiva e da autocrítica. A meirande nivel de formación, máis correcta e efectiva intervención no seo da mocidade galega.

A xeito de resumo pódese concluír dicindo que **se queremos conseguir uns obxectivos políticos, hai que organizarse, posto que individualmente non se consegue ren.** Á súa vez, hai que distinguir diferentes tipos de organización: a que se dá en Isca, de tipo estrito, regular e serio, e a propia de organizacións de masas xuvenís e estudantís, ou a de organizacións frontistas e unitarias como o BNG.

O compañeirismo e a camaradería son máis que simples consignas para nós. A organización e os seus membros deben favorecer un clima de confianza plena entre a militancia, facilitar a normalidade de formular calquera cuestión, crítica ou dúbida ante os organismos, de forma aberta e leal. Calquera discrepancia política, dentro dos marco dos nosos obxectivos tácticos e estratéxicos, ten cabida no seo da organización, e estas deben resolverse con normalidade por medio do debate, garantindo logo a unidade de acción na aplicación dos acordos.

O significado da democracia interna en Isca

O termo “democracia” para a nosa militancia ten moitas máis connotacións das que habitualmente se lle adoita atribuír. A democracia interna na organización significa unha intervención efectiva dos militantes na toma de decisións: canta máis militancia participe na toma de decisións, máis partícipes e integrados na organización se sentirán cada un dos militantes. Democracia interna presupón o hábito de escoitar, con respecto e con interese de comprender e aprender, opinións diferentes e discordantes. Presupón a consciencia de que, como regra, o colectivo ve mellor que o individuo. Presupón a consciencia en cada militante de que os outros camaradas poden coñecer, ver e analizar mellor os problemas e ter opinións máis xustas e máis correctas.

A democracia interna é un conxunto de principios e unha orientación do traballo práctico que se insire na esfera da teoría, da política, da práctica e da ética. Democracia implica un elevado concepto acerca do ser humano, do seu valor presente e do seu valor potencial: os marxistas educados nos principios democráticos son demócratas sen esforzo: non o saben facer doutro modo, non teñen un desmedido orgullo ou vanidade persoal; senón que respectan, escoitan, aprenden e aceptan que os outros poden ter razón.

O traballo colectivo

A democracia interna de Isca encontra unha das súas máis elevadas e significativas expresións na dirección colectiva e no traballo colectivo. A democracia significa tamén a lei do colectivo contra as sobreposicións e imposicións individuais e, sobre todo, individualistas. Isto non significa que a democracia menosprece ao individuo, o seu valor e a súa contribución. Ao contrario: a democracia estimula, motiva e mobiliza a capacidade, a intervención, a vontade e a decisión do individuo. Mais, como grande mérito e superioridade do espírito e dos métodos democráticos, a democracia insire a contribución de cada individuo no cadro da contribución dos outros individuos, ou sexa, insire a contribución individual no cadro da contribución colectiva, como parte constitutiva da capacidade, intervención, vontade e decisión colectivas.

Isto é igualmente válido nas Asembleas de Zona de Isca ou na Mesa Nacional. Os responsábeis en cada ámbito insiren tamén o seu traballo individual no traballo colectivo e as súas opinións e propostas deben estar sempre abertas ao enriquecemento, á mellora e á corrección. Os militantes de Isca non consideran a democracia como unha forma directa ou indirecta de facer valer as súas opinións individuais. Téñense dado casos no movemento nacional-popular, con militantes que, en termos xerais, defenden a máis ampla democracia, de forma que sexa escoitada e atendida a opinións dos militantes, pero que de facto só recoñecen que existe democracia cando imponen a súa opinión persoal. Se o colectivo concorda coas súas opinións persoais, a democracia (segundo eles) está a ser aplicada e entón esixen naturalmente que todos cumpran o decidido, e consideran que non é de recibo que outros compañeiros continúen defendendo as súas opinións propias. Sen embargo, se o colectivo non acepta as súas opinións e pon en práctica as que son democraticamente decididas, entón (segundo eles) xa non existe democracia e, en nome da democracia, séntense no dereito de, contra a opinión e as decisións do colectivo, defenderen as súas opinións que non foron aceptadas. Todos os militantes de Isca teñen o dereito de expresar e defender a súa opinión no organismo ao que pertencen, pero ningún ten o dereito

de sobrepor ou querer sobrepor a súa opinión individual á opinión do colectivo, á opinión do seu organismo ou organización.

Democracia, diverxencias e crítica

O pleno dereito dos militantes a manifestaren no organismo ao que pertencen as súas opinións, facer críticas, adiantaren propostas, etc. é un importante trazo da democracia interna. As diferencias de opinión, cando son expresadas con espírito construtivo, interveñen como un factor positivo para o esclarecemento e a toma de decisións. Sen embargo, vólvense negativas, contrarias á democracia interna, cando se transforman nunha sistemática posición contestataria, diverxente ou de oposición á orientación e ás decisións democraticamente aprobadas. A democracia interna non ten nada a ver cun xogo permanente de diverxencias, de tendencias, de grupos, de bipolarización dos militantes divididos entre a opinión oficial e a opinión da oposición ou opositores. A democracia interna admite diferencias de opinión, diverxencias e críticas, pero sempre inseridas no traballo colectivo, na decisión e na acción colectiva.

Dar contas da actividade

Dar contas da actividade é un principio xeral da democracia interna, que, en todos os sectores e en todos os niveis, ten concretizacións moi diversificadas, tanto de carácter individual como de carácter colectivo. Dar contas da actividade é unha fase constante e un acto necesario e obrigatorio na realización de calquera tarefa. No traballo cotián da organización, o control da execución non é máis que o acompañamento da realización das tarefas, solicitando regularmente e no tempo debido que os organismos e os militantes presten contas do traballo do que quedaron responsábeis. Tal prestación de contas é natural e indispensable en todos os momentos.

Sendo, sen embargo, frecuente que decisións tomadas sufran atrasos ou mesmo esquecementos, a mellora do control de execución ten que ser unha preocupación de todos os organismos de dirección. Ningún organismo nin ningún militante pode dicir que “non ten que dar contas a ninguén”. Todos teñen que dar contas a alguén, e ese alguén é Isca, na persoa dos organismos ou militantes competentes para tal efecto.

Se un militante ou un organismo ofrecen dificultades ou perden o hábito de prestar contas, cabe á organización esixirlles que o fagan, pois non prestar contas non só afecta, degrada, desorganiza e atrasa a actividade, senón que tamén crea situacións, hábitos e vicios que contrarian principios básicos da democracia interna. Prestar contas non é ningunha imposición por motivo

de desconfianza, ningún acto de subordinación ou falta de autoridade. Prestar contas é dicir simplemente o que se fixo e por que se fixo no ámbito das tarefas establecidas e do traballo colectivo. Ou o que non se fixo e por que non se fixo. É unha actitude correcta, fácil, habitual de todos os organismos e militantes. Ten que ser un aspecto común e diario inherente á dinámica do traballo.

Os militantes prestan contas da actividade, tanto nas asembleas de zona como nos organismos nacionais. As asembleas de zona e os organismos nacionais tamén prestan contas da súa actividade. É unha forma corrente de prestar contas a explicación da actividade dos organismos de Isca a través de documentos, artigos, intervencións, plenarios, debates e outras formas de información e esclarecemento sobre a actividade da organización.

Alén destas formas correntes na vida cotiá da organización, existen, para os grandes balances, locais e momentos apropiados. A Mesa Nacional presta contas nas Asembleas Nacionais e Plenarios Nacionais de Isca, a través das súas teses nas que se relatan as liñas esenciais da actividade desenvolvida, apúntanse os seus resultados, procédese a un exame crítico e propóñense novas orientacións e tarefas.

Se se considera a prestación de contas en función da estrutura organizativa de Isca, pode dicirse que se realiza en dous sentidos: dos organismos inferiores aos superiores e viceversa. Se se considera a prestación de contas en función da responsabilidade dos organismos e militantes, pode dicirse que debe ser tanto máis esixíbel e tanto máis rigorosa canto máis responsábel é o organismo e o militante. A prestación de contas é unha asunción de responsabilidade ante Isca, no sentido máis nobre da palabra. É expresión da consciencia de que a actividade de cada un é parte integrante indisoluble da actividade de todos.

Maioría, consenso e unanimidade

A submisión da minoría á maioría é unha regra esencial dentro do funcionamento democrático da nosa organización, é dicir, está inserida no ámbito da dirección e traballo colectivo e rexida polo dereito e liberdade de opinión e crítica. Se a submisión da minoría á maioría é comprendida como unha forma simplificada da decisión e de disciplina, acaba por ser non unha regra e práctica democrática, senón un proceso burocrático, falseando alarmanamente a democracia interna.

Se, por exemplo, nun organismo determinado, unha parte maioritaria dos camaradas abrevia ou apura as discusións, se se desinteresa das opinións dos outros e recorre sistematicamente á votación, o que está a facer é de-

turpar e infrinxir o verdadeiro principio de decisión por opinión maioritaria. Na decisión por maioría non é a votación en si o fundamental. O fundamental é a consecución dunha opinión colectiva, maioritaria, cando non pode ser unánime. As votacións para acadar unha posición maioritaria sen que estas se baseen nun debate aberto, franco, con intercambio de opinións e no coñecemento e exame atento e recíproco desas opinións, son un acto formal que asegura, certamente, que decida un maior número, pero non asegura que o maior número decida en consecuencia. Ademais, a decisión por votacións sistemáticas ofrece un perigo suplementar: a tendencia a ter unha posición seguidista, votando cos máis responsábeis, non procurando nin comprender o problema a debate nin tomar unha posición conforme coa propia consciencia.

A aceptación do principio de que as decisións son tomadas por maioría non significa que en cada caso haxa votación. A votación debe ser realizada cando sexa necesario. Pode, nalgúns casos, ser o mellor proceso de decisión, máis non o proceso normal e obrigatorio.

Así, en numerosas cuestións de orde práctica e de carácter secundario, é moitas veces preferible, tomando como base propostas iniciais e cun breve tempo para obxeccións eventuais, proceder a unha votación en vez de abrir e arrastrar discusións. Sen embargo, no que respecta a cuestións máis importantes, nomeadamente a decisións políticas, se existe un verdadeiro traballo colectivo, non é necesario, salvo casos excepcionais, proceder a unha votación. O propio debate permite o esclarecemento e a formación dunha opinión colectiva. A opinión colectiva resulta con naturalidade do propio debate. Un documento redixido ou unha camarada en intervención oral concretiza a conclusión, esta recibe eventualmente unha ou outra proposta para maior rigor e tense por conclusión colectiva, sen necesidade de votación.

Ás veces, esta forma de tomar decisións chámase consenso. A palabra é adecuada. Mais é necesario estar vixilante contra certas formas defectuosas de comprender o consenso. Unha conclusión colectiva tomada sen votación, no cadro do traballo colectivo, non pode ser confundida con conclusións unilaterais, apresuradas e tendenciosas, froito dun debate incompleto no que nin todos expresasen a súa opinión e presentado baixo a palabra "consenso". O afondamento no traballo colectivo fai evolucionar as decisións tomadas por maioría para decisións tomadas por consenso. Un maior afondamento acaba por conducir á unanimidade. No cadro do traballo colectivo, a unanimidade aparece como unha superior comprobación da democracia existente.

A disciplina

Hoxe, para un marxista, ser disciplinado é unha maneira de actuar común, normal, habitual e natural, expresión da propia consciencia e da propia vontade. Quen actúa e procede no marco da disciplina de Isca non ten necesidade de pensar se está a ser ou non disciplinado. Non se repara que alguén sexa disciplinado, só se repara cando non o é.

O hábito da disciplina resulta da educación e da experiencia. Ás veces, é unha cualidade difícil e que tarda tempo en adquirirse, mais que unha vez adquirida, é difícil perdela. Así, para aqueles que se habitúan a unha actuación e a unha vida disciplinada, o difícil non é ser disciplinado, senón deixar de selo. Non tanto porque a organización lles pida contas, senón porque non se sentirían ben consigo mesmos.

A consciencia revolucionaria, que determina a integración voluntaria na disciplina de Isca, pode asumir (en termos simplificados) dous graos ou niveis que corresponden de certa forma a dous graos ou niveis de desenvolvemento da propia organización. A consciencia revolucionaria que determina a actuación disciplinada pode ter como trazo fundamental a comprensión da necesidade da eficiencia, da operatividade e da unidade de acción de toda a organización e dos seus militantes. Tamén, a consciencia revolucionaria que determina a actuación disciplinada pode ter como trazo fundamental a real integración na orientación de Isca e na xusteza das tarefas que se encomenda.

É lexítimo, cando a organización non está madura, nos seus inicios, ou en certas situacións decisivas, exixirse polo menos o primeiro nivel. Sen embargo, o obxectivo do desenvolvemento de Isca debe ser atinxir o segundo nivel.

A disciplina, inserida nunha vida organizativa cuxo estilo está caracterizado pola participación viva dos militantes e pola democracia interna, é unha forma de integración voluntaria e consciente no traballo colectivo. Entra, con simplicidade, nas características da actividade cotiá, acompaña a formación das opinións e da consciencia política. Non tanto na acción do día a día, senón tamén no ámbito psicolóxico, identifica o individuo co colectivo.

Entendendo a disciplina desta maneira, esta revélase, na consciencia e na vontade dos militantes, non como unha limitación da liberdade propia, senón como unha *afirmación da liberdade* de proceder conforme coas propias ideas.

A disciplina nos actos cotiáns

A disciplina nos actos cotiáns é un relevante aspecto da disciplina de Isca, da formación dos militantes, da organización e da eficacia da actividade, e en última instancia, do noso estilo de traballo. A disciplina ten, de facto, unha das súas máis profundas e valiosas expresións na actividade corrente de todos os días, nos moitos pequenos actos que compoñen a xornada de traballo do militante.

Para a disciplina de Isca, non abonda con que os seus militantes se sintan identificados cos obxectivos políticos da organización, que acepten os seus Estatutos e que actúen en conformidade coas orientacións colectivamente definidas. A disciplina, como forma normal e natural de actuación maniféstase nos actos cotiáns, para os cales pode haber normas establecidas, mais pode tamén non haber orientacións ou directrices.

Un exemplo é a puntualidade. É unha regra ou principio e, máis que regra ou principio, é bo que sexa un hábito. Non se trata dunha cuestión secundaria. Trátase unha cuestión que acabar por decidir do rendimento, do andamento e da execución das tarefas, da eficacia da actividade e do propio estilo global do traballo da organización. A falta de puntualidade, sexa na reunión ou sexa na execución de calquera tarefa marcada con prazo, pode pór en cuestión o traballo de moitos outros camaradas e a propia realización dunha tarefa. Cando a falta de puntualidade se transforma en costume e práctica xeneralizados e tolerados; cando, mesmo no que respecta ás horas de comezo do traballo, o atraso pasa a ser sistema, algunha cousa vai mal na organización e o estilo é gravemente comprometido.

Outro exemplo: o decorrer das reunións. A aprobación dunha orde de traballos, o exame ordenado de cada un dos puntos, as intervencións dentro dos tempos establecidos se fosen fixados, a atención e silencio durante as intervencións dos outros camaradas, son principios e hábitos elementares de disciplina. Cando nas reunións se atropelan e sobrepoñen as materias, se comezan a debater todas as cuestións mais ningunha se conclúe, se uns interrompen os outros cando están a falar, se algúns procuran falar repetidas veces sen dar a vez aos outros, se exceden os seus tempos, se se imponñen diálogos... as reunións e os seus resultados son gravemente afectados por esa falta de disciplina.

Os exemplo poderían multiplicarse relativamente a todos os aspectos e a todos os momentos da actividade de Isca. Unha cousa é certa: para que a organización sexa disciplinada nas “cousas grandes” ten de selo nas “cousas pequenas”. Por regra e hábito. Colectiva e individualmente. A disciplina nos “pequenos” actos cotiáns é unha verdadeira escola da mentalidade e do comportamento, que permite unha natural e espontánea conduta disci-



plinada nas grandes cuestións políticas e sociais.

A disciplina en Isca, na súa acepción máis ampla, profunda e natural, é unha característica que demora moito tempo en adquirirse, e sobre a que non convén relaxarse pois poden aparecer malos hábitos organizativos como os descritos. Por este motivo, non se deben pechar os ollos ante a degradación da disciplina nos actos cotiáns.

A disciplina non se impón con disciplina. A disciplina marxista non é obediencia. O convencemento, a explicación, a crítica, o exemplo, a educación no respecto polos outros, a creación do gusto pola organización e a eficacia son o bo camiño para que todos os militantes acaben por sentir que a vida e a actividade son extraordinariamente máis fáciles, máis leves, máis relaxados, máis relaxados, cando se adquiren hábitos de disciplina.

En Isca, o militante ten (ou debe ter) plena consciencia das razóns e dos obxectivos de cada decisión, intervindo na definición das grandes liñas de orientación política ou nas relativas ao traballo que se executa. Existindo diferencias entre os militantes, a disciplina aséntase na propia consciencia e na propia vontade. Así pois, podemos dicir que a elevada consciencia de disciplina en Isca é un resultante de tres factores fundamentais:

- *A identificación dos militantes cos obxectivos de Isca*, permitíndolles comprender as razóns e os obxectivos de cada iniciativa, de cada decisión e de cada tarefa.

- *A democracia interna*, que fai posíbel que cada militantes sinta que a orientación, decisións e tarefas son tamén súas.

- *A comprensión do valor da unidade da organización*, que estimula nos militantes a vontade de actuaren, tal e como os seus compañeiros, inseridos na acción colectiva de Isca.

Cando a acción disciplinada do militante non se fundamenta nestes tres factores fundamentais (se, por exemplo, un militante realiza unha tarefa que non comprende ou coa cal non está de acordo, ou se as decisións son tomadas de forma menos democrática), a acción disciplinada comeza a sufrir certas limitacións. Canto máis identificado se sente o militante coa orientación de Isca, canto máis asegurados están os métodos democráticos no traballo, canto máis sólida é a unidade da organización, máis profunda, fácil, natural e espontánea se volve a disciplina.

A moral comunista

Ser comunista non consiste só en ter un obxectivo político e loitar pola súa consecución. Ser comunista non é só unha forma de axir politicamente. É unha forma de pensar, de sentir e de vivir. Isto significa que os comunistas

non só teñen obxectivos políticos e sociais, non só teñen unha ideoloxía e un ideal de transformación da sociedade; senón que tamén teñen unha moral propia, diferente da moral da burguesía e superior a ela. A moral comunista aséntase nunha base obxectiva que determina a súa natureza de clase.

De facto, a base material da moral comunista son as condicións de traballo e vida do proletariado e a súa loita contra o capital. A moral comunista integra principios herdados do patrimonio ético do pasado. Mais o que a caracteriza e a diferencia son os principios que resultan da natureza, dos obxectivos e da misión histórica do proletariado.

A cohesión, a solidariedade, a axuda recíproca, a abnegación, a xenerosidade, a combatividade, a determinación, a capacidade de sacrificio, a disciplina, a confianza en si propio e no futuro, son elementos éticos que resultan das propias condicións de traballo e de vida da clase obreira, dos seus obxectivos e da súa loita. En Isca, como organización marxista e revolucionaria, compartimos unha serie de principios morais no decorrer da vida política e da acción cotiá de cada militante: o amor polo pobo, a dedicación ao servizo dos intereses da organización, o rexeitamento da explotación e opresión do home polo home, a coraxe, a honestidade, o traballo esforzado para o ben común ou a preocupación por ter unha conduta política, cívica e persoal inspirada por principios morais que teñen no seu centro o respecto polo ser humano. A forza moral dos comunistas é un factor determinante na súa acción diaria.

O amor pola verdade

A verdade é un principio inherente a toda a vida e actividade en Isca. O amor pola verdade é un elemento compoñente da moral comunista. Os comunistas nada temos a esconder e nada escondemos dos nosos ideais e dos nosos obxectivos. Para nós, non é asumíbel que unha forza política agoche os seus obxectivos finais na procura dun suposto maior apoio social, político ou electoral. Ao contrario, pensamos que as forzas políticas transformadoras e revolucionarias teñen que gañar apoio, prestixio e confianza actuando na base da verdade.

O amor pola verdade pode, temporariamente, custar caro a quen o exercita. Mais a verdade acaba por triunfar sobre a mentira. A política da mentira, exercitada por forzas reaccionarias, está condenada á derrota final. É a política da verdade a que pertence a o futuro. Trátase dun principio válido para as posicións dos militantes de Isca en todas as organizacións, incluída a Fronte Patriótica, ademais de ser un principio rector da actividade diaria de cada comunista. A verdade é para Isca unha necesidade obxectiva, unha arma de loita, un factor da forza e influencia, un imperativo moral.